



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

TOQUES

Acordo indemnizacións por asistencia a órganos colexiados

ANUNCIO

ASUNTO: INDEMNIZACIÓN DOS CONCELLEIROS POR ASISTENCIA A ORGANOS COLEXIADOS.

Que na sesión Plenaria de organización do Concello de Toques de data 30 de xuño de 2023 se adoptou o seguinte acordo:

“...Ante a ausencia de máis debate, o Pleno do Concello de Toques por maioría absoluta dos membros presentes na sesión, é dicir, por 5 votos a favor dos concelleiros do BNG, dous votos en contra dos concelleiros do PP e unha abstención do concelleiro do PSG- PSOE, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO. Por asistencia a órganos colexiados:

- Pleno Municipal: 100,00 €
- Xunta de Goberno: 100,00 €
- Comisión Especial de Contas: 100,00 €
- Calquer outro órgano colegiado: 100,00 €

SEGUNDO. Os gastos de locomoción en vehículo propio, como consecuencia de desprazamentos por motivos de actividade municipal, serán indemnizados a razón de 0,24 € por quilómetro.

TERCEIRO. Non se fixa ningunha cantidade para dietas de manutención e aloxamento, abonándose os gastos que se xustifiquen documentalmente como consecuencia da actividade realizada, debendo indicarse en cada momento a data e motivo dos gastos.-

CUARTO. O presente acordo aplicarase dende o día seguinte da sesión extraordinaria organizativa a celebrar en data 30 de xuño de 2023.”

O que se publica ós efectos oportunos.

En Toques, o asina o Sr. Alcalde, Don José Ángel Penas García, en data 6 de xullo de 2023.

2023/5556



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

TOQUES

Acordo rexime dedicación exclusiva

ANUNCIO

ASUNTO: REXIME DE DEDICACIÓN EXCLUSIVA PARA A PRESENTE LEXISLATURA NO CONCELLO DE TOQUES.

Que na sesión Plenaria de organización do Concello de Toques de data 30 de xuño de 2023 se adoptou o seguinte acordo:

“...Ante a ausencia de debate, o Pleno do Concello de Toques por maioría absoluta dos membros presentes na sesión, é dicir, por 5 votos a favor dos concelleiros do BNG, dous votos en contra dos concelleiros do PP e unha abstención do concelleiro do PSG-PSOE, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar, con efectos a partir do día seguinte da celebración da presente sesión extraordinaria de organización, e dicir, con efectos 1 de xullo de 2023, o establecemento do réxime de dedicación exclusiva en favor do Sr. Alcalde do Concello de Toques, Don Jose Ángel Penas García.

SEGUNDO.- Establecer a favor do Sr. Alcalde do Concello de Toques, Don Jose Ángel Penas García, as retribucións que a continuación se relacionan, que se percibirán en catorce pagas, doce correspondentes as diferentes mensualidades do ano e as dúas restantes correspondentes as mensualidades de xuño e decembro, e dalos de alta no réximen xeral da seguridade social:

Don Jose Ángel Penas García (Alcalde do Concello //41.000,00// euros brutos)

TERCEIRO.- Establecer á actualización das citadas retribucións dacordo coa suba que se estableza nas diferentes leis de orzamentos do Estado para o soldo dos funcionarios públicos.

CUARTO.- Notificar o presente acordo os Portavoces dos diferentes Grupos Políticos Municipais e a todos os concelleiros, facendo constar de maneira expresa ó concelleiro Don José Ángel Penas García que se entenderá aceptado dito réximen de dedicación exclusiva polo afectado de non manifestar nada o respecto dentro do prazo das 24 horas seguintes a súa notificación.”

O que se publica ós efectos oportunos.

En Toques, o asina o Sr. Alcalde, Don José Ángel Penas García, en data 6 de xullo de 2023.

2023/5562